



PASEOS POLA PONTEVEDRA LITERARIA 2024

MONTSE FAJARDO
JOSEFINA ARRUTI: TRAS A PEGADA
DAS QUE QUEDARON



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Concello
de Pontevedra

ROTEIRO “JOSEFINA ARRUTI: TRAS A PEGADA DAS QUE QUEDARON”

Neste paseo literario quero convidarvos a percorrer comigo a cidade e o tempo, da man da mellor das guías que podería ter a Pontevedra da primeira metade do século XX: Josefina Arruti Viaño.

A súa historia engaioloume como ningunha cando empecei a mergullarme na biografía das pontevedresas que padeceron a barbarie franquista. Foi como quitar un tapón e deixar que a memoria xurdise a eito, nunha riada que impregnou as rúas da vila das lembranzas das silenciadas. Só fai falta seguir a súa estela, coma nos camiños de peregrinación, para atopar por todas partes a pegada das que quedaron habitando Pontevedra logo do fusilamento, o tobo ou o exilio dos homes.

Todo empeza aquí, nesta praza que acolle a vella **Casa Consistorial** e o edificio da Deputación, no que daquela estaba o Goberno Civil. Estamos no 20 de xullo de 1936. É luns. Hai oito días que Josefina retornou á casa desde Madrid para pasar as vacacións de verán. O goberno da Fronte Popular saído das urnas nas eleccións de febreiro nomeara ao seu home, a Bibiano, subsecretario de Gobernación, e tiveron que trasladarse a vivir á capital estatal. Levaron con eles a Jose Ángel, que xa tiña seis anos, e a Carmiña, que tiña 4, pero Manuel, o fillo pequeno, apenas cumprira os dous e decidiron que ficase coa avoa Emilia. Pero a nai de Bibiano avisara hai uns días de que andaba pachucho e Josefina adiantou a volta da familia a Galiza malia que o seu home non puidese acompañala porque, esa mesma semana, a comisión galega encabezada por Castelao ía ás Cortes a entregar o Estatuto de Autonomía que acababa de plebiscitar o pobo galego. Prometeulle que se reuniría con ela após uns días pero non lle dou tempo. O mesmo luns en que tiña pensado viaxar, a xente da súa vila reuníase neste mesmo punto en que agora estamos, baixo o balcón do Concello, para intentar evitar que os golpistas levantados en África se fixesen co poder en Pontevedra.




Na ausencia de Bibiano, que era o alcalde electo, ocupaba o cargo Manuel García Filgueira. O gobernador civil era Gonzalo Acosta Pan, mais foi Alexandre Bóveda quen tomou as rendas da institución sen poder imaxinar que antes dun mes sería sometido a consello de guerra e condenado a morte nesa mesma sede, igual que Acosta e dez próceres pontevedreses que dun xeito ou outro o acompañaron na resistencia ao golpe e acabarían sendo fusilados nunha data marcada a lume na historia da vila: o 12 de novembro.

Como subsecretario de Gobernación, Bibiano mantivo contacto telefónico con Alexandre durante toda a xornada, mentres baixo este balcón do que fora o seu lugar de traballo, as xentes das parroquias e de vilas de toda a provincia constituían milicias para enfrontar o exército traidor con sachos, con escopetas de cazar coellos..., coas mesmas ferramentas coas que traballaban a terra, agora empregadas na defensa da causa republicana. Á fin, ambos eran xeitos de loitar contra a fame, de defender a reforma agraria, a escola universal, e os dereitos das mulleres. Por iso na praza tamén estaban elas: **María Luísa Rodríguez Pereira, a Chinita de Lérez; Maruxa Fandiño, Lola Lois ou Elvira Lodeiro.** Mais a loita era desigual: sachos contra hidroavións, e por iso a resistencia ficou desmantelada axiña.

A breve andaina que, da man de Josefina, nos leva do vello Concello ata o Pazo da Deputación, obríganos a pasar por diante do **Instituto de Segunda Enseñanza** –hoxe IES Valle Inclán–, do que Bibiano Fernández Osorio-Tafall foi catedrático de agricultura e director. Daquela, a parte superior do edificio acollía unha residencia e alí viviu a familia durante un tempo. Aínda oitenta anos despois lembraba José Ángel as tardes pasadas co pai aprendendo nomes de bolboretas ou mirando polo microscopio, no breve tempo en que

puido compartir con el a infancia. A apenas uns metros, paramos no actual **Pazo da Deputación**, organismo que Bibiano chegou a presidir e que no tempo que agora percorremos acolleu os consellos de guerra, non só de Alexandre ou os dez do 12 de novembro, senón de centos de homes de distintas vilas da provincia, e tamén de mulleres como aquela Elvira Lodeiro que deixabamos hai un intre formando parte das milicias. Nin sequera sabía ler nin escribir e tivo que pedirlle ao capitán do batallón que a fusilou que lle transcribise unhas liñas de despedida ás súas fillas. Pilar e Manolita quedaban orfas de vez, pois uns días antes daquel 19 de decembro de 1936 en que lles mataron a nai, os golpistas asasinaran tamén o pai, Juan Manuel Gómez Corbacho, e a **Consuelo Acuña**, a muller que lles dera agocho na súa casa.



Esa foi a causa principal do asasinato de mulleres na Galiza: prestar acubillo aos homes perseguidos, aos que de ser atopados acabarían nunha gabiá ou sometidos a unha desas parodias de xuízo que se viviron aquí, neste **Salón de Plenos** no que agora nos atopamos. Consellos de guerra sen ningunha garantía legal. A farsa de que xulgue por rebelión militar precisamente quen se levantou en armas para dar un golpe de Estado contra a legalidade republicana. A constatación das mentiras nos papeis que, aínda hoxe, seguen condenando a Bóveda por rebelión á patria. El, que neste mesmo lugar desde o que liderara a resistencia democrática, dixo ante o tribunal que o condenaría a morte:

“A miña Patria natural é Galiza. Ámoa fervorosamente como pode amar un fillo á súa nai. Endexamais a traizoaría aínda que se me concedesen séculos para vivir. Adóroa ata máis aló da miña morte. Se entende este tribunal que por este amor entrañable debe serme aplicada a pena

de morte, recibireina como un sacrificio máis pola miña Terra. Fixen canto puideron por Galiza e faría moito máis se puidera. Se non podo seguir traballando máis por ela, gustaríame morrer pola miña Patria. Baixo a súa bandeira desexo ser enterrado”.

Tivo que dicilo en castelán porque lle negaron ata alegar na súa lingua. Pero imos xirarnos cara ao outro lado. Imos darlle ás costas a este tribunal ilegal para mirar cara ás bancadas do público que está tras os reos. Na nosa procura das mulleres que ficaron habitando a cidade, pousamos a ollada sobre as nais, perdedoras de todas as guerras. Estamos no 18 de marzo de 1937 e aquí está **Ángela do Cacharado**, a nai de Paco Reirís, mirando como xulgan o seu fillo, tenente de alcalde de Vilanova, por teimar cos conserveiros de Arousa niso de que as xornadas non podían durar máis de oito horas e as parturientes tiñan que ter trinta minutos para aleitar as crianzas:

Apareceron os de Vilanova no Pazo da Deputación a dicir de todo. Que se eran un indesexábel, que se tiña a Vilanova sen luz, que se os fabricantes tiveran que marchar a Portugal, e tantas outras cousas... Falouse de que era un elemento destacado da CNT e premera aos traballadores para que secundasen unha folga no 31. Tamén se dixo que requisara as armas cando fora do alzamento e el dixo que si, que fora verdade, que fixera as cousas tal e como lle mandara o gobernador. Pero a eles deulles igual. Alí escoitáronse as peores denuncias, dedicáronse as peores das palabras, tanto que mentres eles declaraban Paco Reirís levantouse, alto como era, e botou ás mans á cabeza.

- Mamasiña, eu xa non teño salvación.
- Non dighas iso, fillo.

Pero tiña razón. Condenárono a morte.

A súa nai non estaba disposta a conformarse.

- Vou xa para Vilanova, fillo, que eu lle vou dar volta á tortilla.

Foi vendendo anacos de terreos que tiña alí, onde a praia da Sinas, e deulle os cartos a un da Falanxe que ía dar mitins a Vilanova, para ver se conseguía rebaxarlle a pena.

En cada viaxe ao cárcere, o fillo intentaba desenganala:

- Non venda nada nin dea cartos a ninguén, mamaíña, que xa lle comeron bastante, que como siga así vai quedar na rúa e a min ninguén me salva, fágame caso, muller, fágame caso.

Pero ela facía o que fixese falta por intentar salvalo. Por máis que el lle dixese unha e outra vez que non tiña salvación, que gardase os cartos e coídase as nenas, ela vendeu e vendeu ata que quedou sen terras.



A represión económica contra as familias foi brutal. Algunhas, como a de Paco Reirís, vendérono todo para intentar comprar indultos. A outras, como as do 12 de novembro, roubáronlles os bens despois de roubarlles tamén os homes.

Outras non tiñan cartos e tiveron que soportar abusos e ata empeñarse de por vida, como Susa Valladares:

“E alá foron as dúas, nai e filla, correndo como tolas por Pontevedra adiante, á casa do forense, porque xa estaban os gardas para sacalo. E como non levaban cartos, moito tivo que prometerlle para que volvese e cambiase o informe. Desde aquel día Susa foi pouco menos que a súa criada. A de veces que tivo que ir a Lérez buscar leña para a muller, porque se o deixaba de facer podía chegar un informe dicindo que Manolo mellorara. E a partir de entón, cada vez que na súa casa se mataba un porco, os chourizos ían para a do forense aquel que axiña cambiara de opinión e non deixara aos gardas levar o inválido que cinco minutos antes non era tal. E gañou o porco. E Manolo da Socorra cumpriu toda a pena en Pontevedra e a súa muller cumpriu con el a condena de ser unha criada”.

Na nosa andaina na procura das vítimas da barbarie, facemos unha nova parada nesta mesma praza, no último dos edificios, o que daquela acollía a **Escola Normal de Pontevedra**. Na súa aposta polo ensino universal de balde, a II República consagrou o edificio á formación do profesorado. Non chegaba con abrir escolas, había que dotalas ademais dun maxisterio preparado mais chegou o golpe e a ditadura converteuno en cárcere, nunha perfecta

metáfora do que o fascismo español lle fixo ao ensino: acabou a escola laica, a que apostaba pola experimentación, polo pensamento libre, e chegou a escola franquista, a que cambiou a enciclopedia pola biblia e os mapas polos crucifixos.



As aulas deste edificio ante o que nos atopamos convertéronse en celas, tamén para mestres como Germán Adrio, un dos asasinados o 12 de novembro. Mentres, quen fora directora da institución, a redondelá **Ernestina Otero**, exercía como madriña tanto dos presos da súa vella escola como dos que partiron desde alí cara á que foi a seguinte parada no via crucis franquista: a illa de San Simón. Ernestina fora afastada das aulas en setembro de 1936, na primeira vaga de depuracións que tamén afectou o propio Bibiano ou a Castelao mais, en lugar de amedrentarse, convertera a rebotica da farmacia familiar nunha tinturería na que lavar a roupa dos reos para aos que tamén cociñaba, convertendo en azos a rabia polo padecemento que os golpistas inflixiran ao seu home. Contouno Antonio Pérez, un veciño da mesma vila que, malia as súas ideas republicanas foi obrigado a loitar no bando golpista:

E á familia de Ernestina Otero, que estaba de profesora en Pontevedra? A eles fóronlles á casa non sei cantas veces a cuadrilla esa dos falanxistas. Había un que era o máis *rastrero* de todos, un deses que vestían a camisa azul e que pensaban que por vestir a camisa azul xa podían facer o que lles viñese en gana... pois ese e outros máis foron á botica de don Luís Pereira, o home de dona Ernestina, e porque se negou a darlles a alianza de ouro para a causa, subírono ao Casino e déronlle unha martelada no dedo que llo esmagaron. Logo, un día que ían os dous de paseo rodeáronos de repente coas súas camisas azuis e as correaxes no peito....*¡¡¡Arriba España, don Luís!!! ¡¡¡Arriba España, joder!!!* Que non os deixaban pasar... Colleu el e nin arriba España nin hostias. Subiu un pouco o sombreiro e educado como era: "Boas tardes, señores"... Non dixo máis.

A escola do maxisterio tivo que ser habilitada como cárcere ante a saturación da prisión da cidade, que daquela estaba sita no edificio que agora acolle a Audiencia Provincial, na actual rúa Rosalía de Castro. Encamiñámonos cara a ela atravesando o **Parque das Palmeiras**, mais como estamos naqueles días aciagos do verán do 36, o traslado dun cárcere a outro conduce a outro tipo de paseos:

Mataban xente a diario, quitábanos de San Simón cada noite para fusilalos en Pontevedra, e nunha desas noites, ás dúas da mañá, zas, outro arrepío.

- ¡¡¡Alejandre!!!

Púxose en pé.

- Que pasa?

- *Venga, que tienes que salir. ¡Pronto, venga, rápido!*

Pensou, *bueno*, hoxe tocoume a min como antes lles tocara a tantos outros...

Tiña unha maletiña cunha muda e foi collela.

- *¡No traiga nada, no traiga nada, venga, rápido!*

Saíu cara a fóra, cagando *puñetas* fóra do pavillón.

Desta vez tocáralle a el.

Abaixo agardaba a lanchiña que levaba as visitas da illa desde a praia de Cesantes.

- *¿Están todos?*

En total eran seis presos.

- *Venga, vamos.*

Baixaron á lanchiña e cando chegaron ao apeadeiro de Cesantes, mesmo ao ladiño de San Simón, xa os estaban agardando os falanxistas e a Garda Civil.

- *¡Caminen!*

Subiron ata a vila e alí había unha DKV, xunto a máis falanxistas e máis gardas civís. Meteron os seis presos na furgoneta e eles ían detrás nun taxi. *Pum, pum, pum*, foron traqueteado ata saír de Cesantes, e tan pronto como saíron...

- *¡Para!*

Berráronllo desde o taxi ao condutor da furgoneta.

- ¡Que bajen Fulano y Mengano!

Baixaron os dous e tan pronto baixaron, a DKV tirou outra vez para adiante...

Pum, pum, pum...

De súpeto escoitáronse dous disparos.

Bum, bum.

Xa só quedaban catro.

Seguiron camiño ata que o taxi alcanzou de novo a furgoneta.

- Para ahí.

E parou.

- ¡Fulano y Mengano, que bajen!

Bum, bum

E aí quedaron outros dous, na cuneta.

Na caixa da DKV só quedaban Antonio e un home un pouquiño maior ca el, novo aínda pero algo maior ca el, que lle dixo que era mestre de escola. A furgoneta tirou para adiante cos dous.

Pum, pum, pum

- Agora tócanos a nós, dixo o mestre.

- Polo que se ve, si.

Pum, pum, pum

A furgoneta tira que tira. A viaxe estaba sendo un pouco máis longa que as outras dúas, ata que, de súpeto, o mestre di:

- Salvámonos!!!

- Como o sabes?

- Porque mira aí, ves? Vense as luces de Pontevedra, vense as luces de Pontevedra!!! Esta xente sempre mata fóra das aldeas. Estamos salvados!!!

Así foi. Chegaron a Pontevedra e leváronos á Normal (...). Aproveitaron a última viaxe dos que ían asasinar para levar a Antonio ao cárcere, a que se puxese de acordo cos outros para elixir defensor no consello de guerra.



Josefina coa descendencia no Parque das Palmeiras uns días antes do golpe

As sacas, os asasinatos escusados na lei de fugas, foron unha constante que encheu de terror as noites nos cárceres:

Leváronos ao cárcere de Pontevedra nun tempo en que aínda sacaban moitos reos para matalos. Contábao Manolo, que de noite durmían no chan, amoreados como arenques nunha lata, e cando oían descorrer o ferrollo daquela porta de chave grande tremían todos como varas.

Chamábanos polo nome. Estaban todos en silencio, moi calados e só sentín o que ía chamando:

- ¡Fulano de tal!

Ninguén se levantaba.

Manolo tiña medo, agardaba escoitar o seu nome tamén.

- ¡Fulano de tal, mecago en Dios!

E entón íanse levantando os que xa estaban mortos e chegaban á porta clamando vinganza. Porque cando chegaban a buscarte ás dúas da mañá, despois de que día tras día mallasen en ti coma nunha manta, sabías que non ías a declaración ningunha, sabías que ías á morte.

Manolo sentía pena daqueles homes, xa amigos, e sentía pena de si mesmo por non poder valerlles, por estar esperando o mesmo, por ser outro desgraciado agardando a que o matasen.

Nós si chegamos ao **cárcere pontevedrés, na rúa Rosalía de Castro**, da man de Josefina. Aínda que ela xamais militou en partido nin sindicato ningún, estivo aquí presa dezaioito meses, sen xuízo, sen sentenza. Detivérona

por ser a muller dunha das pezas máis cobizadas da cidade: o alcalde republicano, o deputado nas Cortes, o subsecretario de Gobernación que dirixira o conato de resistencia desde o outro lado da liña telefónica que en Pontevedra sostiñan Alexandre Bóveda e o secretario do Partido Galeguista, Vitor Casas, outra das vítimas do 12 de novembro. Como Bibiano estaba fóra do seu alcance, nun Madrid aínda republicano, foron por ela.

Manuel era moi pequeno, tiña pouco máis de dous anos, pero Carmen tiña catro e José Ángel seis e xa se daban conta de todo. Viron como os gardas a baixaban polas escaleiras cara ao cárcere, e moitas tardes foron vela pola parte de atrás. Josefina sabía a que hora pasaban e asomábase á ventá ata que algún veciño vía aos nenos e alertaba a berros aos gardas: “*¡¡¡Esos rojos!!!, ¡¡¡está ahí, en la ventana!!! ¡¡¡Guardias!!!*” E os gardas afastábanse da parede para que deixase de ver a Joselín e a Carmiña regresar á casa da man da avoa con cara de susto, mentres resoaban nos seus oídos os ecos dos berros dun home que gritaba: “*Hay que acabar también con la semilla*”.

O horror estaba fóra daquelas paredes que albergaban prostitutas e moirantes. Desde o mesmo verán do 36 o mal estaba ao outro lado do cárcere e Josefina Arruti Viaño sabíao. Por iso repartía coas súas compañeiras de cela a comida da cesta que a súa sogra Emilia entregaba aos gardas polo oco da porta, e facíalles prendas co labor de gancho para que elas e os seus intentasen quitar da pel aquel frío que se prendera coma unha tatuaxe. As presas dábanse conta de que aquela muller que tecía e rezaba, que rezaba e tecía, aquela presa doce, non estaba afeita a paredes húmidas e penicos e excluíanse da quenda para baleirar o ouriñal común da cela na que ela repartía comida e lá tecida entre nosopais e avemarías.

A solidariedade ten nome de muller. Entre as reas daquela prisión estaba tamén **Emma Mourón**, a muller de García Filgueira, o substituto de Bibiano na alcaldía. O home pasou anos nun tobo e ela foi encarcerada co seu bebé de meses. As compañeiras axudábanlle a coidalo, sobre todo as irmás **Aurora, María, Nieves e Nicereta Martínez**, coñecidas na vila como *As corseteiras* por rexentar nos soportais unha lenzaría, e como elas conseguiron a liberdade antes que Emma, ao saír levaron con elas ao pequeno Carlos para que non lle pasase o tempo da infancia detrás dunhas reixas, e con elas acabou vivindo para sempre.

A casa de Josefina acabou tamén convertida nunha cela. Tras ano e medio de presidio, as novas autoridades decidiron que ficaría en arresto domiciliario, unha medida que estenderon tamén á súa descendencia, e durante meses Joselín, Carmina e Manuel ficaron presos na súa propia casa, da actual rúa Benito Corbal. Cara alí diriximos agora os nosos pasos máis camiñar pola Pontevedra dos golpistas coa muller do alcalde republicano non é nada doado.

A guerra rematara pero o peor estaba por chegar. Tras ano e medio no cárcere e outros dous sen poder saír da casa, Josefina non estaba preparada para o que quedaba por vir. A miseria da cela non doeu tanto como a miseria da xente. Os que antes eran amigos, os que adulaban a Bibiano alcalde, a Bibiano presidente da Deputación, a Bibiano deputado, insultaban agora a Josefina *roja*, a Josefina republicana, a Josefina ex convicta. Como se fose unha apestada.

Mesmo houbo quen protestou porque non a fusilaran. Non houbo nada que levase peor ca iso, que a recriminasen como se tivera feito algo malo, que a insultasen pola rúa cando por fin puido volvela pisar, como se ela e o seu home lle fixeran mal a alguén algunha vez. Pero non ían conseguir que achantase. Cada domingo vestíase con esmero e ía á misa coa cabeza ben alta. A pesar das súas ideas, de ser de esquerdas e republicana, nunca perdeu a fe. Non era como a súa sogra, de rosarios, novenas e misa matutina pero cando a cousa se puña fea necesitaba aferrarse ao misal e pensar que era certo iso de que Deus apertaba pero non afogaba, aínda que ás veces apertaba tanto...

As humillacións á Pontevedra republicana foron constantes. Paramos con Josefina na **rúa Oliva** para lembrar a **Amalia Álvarez**, a viúva de Bóveda, a quen chegaron a cuspir no veo de loito ao berro de “¡Ahí va la mujer de un asesino!”. E ata houbo unha muller da súa familia que, cando Amalia ía paseando coa súa filla Xela, alí mesmo, no centro da vila, díxolle que era unha mágoa que esa nena preciosa fora filla dun indesexábel.

Lembramos tamén a **Virxinia Pereira**, que saíu da súa casa, nesa mesma rúa, para acompañar a Castelao na viaxe de entrega do Estatuto nas cortes republicanas e nunca máis puido volver a ela. Se miramos cara a súa fiestra neste paseo polo tempo veremos os falanxistas saquear a vivenda, levarlle libros, cadros, roupa, levarllo todo.



Imaxe da Praza da Peregrina durante un roteiro teatralizado de memoria celebrado en Pontevedra

Todo mudara en tan pouco tempo... Se deixamos atrás a rúa Oliva desembocamos na **Praza da Peregrina**. Na cruce entre ambas está a casa dos Viaño, onde viviu Josefina tras ficar orfa moi nova. Tiña seis anos cando morreu a súa nai, Tolentina, e apenas doce cando o fixo Ángel, o seu pai. Apenas uns pasos nos separan da igrexa onde casou con Bibiano o 17 de

abril de 1929, o día en que pensou que lle chegara o momento da felicidade, de ter unha familia na que non faltara ninguén tan axiña... mais apenas conviviu con el sete anos. A Igrexa, esa mesma institución que consagrara unha unión que debía durar ata a morte, convertérase en cómplice imprescindible do ditador, ao que chegou a levar baixo palio. E, nunha mestura esperpéntica, os curas vixiaron que coa lexislación se cumpriran tamén os mandamentos, con especial severidade no caso delas. *“Era tan mala, irascible y roja, que hubieran de fusilarla en los primeros momentos los Nacionales por el peligro que constituía”*, atopouse no expediente de **María Vázquez**, a mestra de Miño. E tamén *“Hizo labor antirreligiosa y antipatriótica”* ou *“Ignoro lo que sus alumnas hayan podido aprender en orden a la formación intelectual; lo que sí puedo afirmar con todos los caracteres de la realidad, es que las alumnas que ha tenido llevan en su frente el estigma rojo, que unicamente desaparecerá con la muerte”*. Por iso apareceu asasinada na praia de Bañobre no primeiro agosto.

Un falanxista fachendoso, o que máis berraba, un que andaba todo o día co mosquetón ameazando á xente, foi dicirlllo ás nenas da escola: *“¿Veis estos zapatos manchados de sangre? Es la sangre de vuestra profesora”*. E marcaba no chan a pegada sanguinolenta. A pegada da máis fonda miseria humana, que nunca será tan fonda como a pegada dunha mestra.

Era tal o odio de moitos curas cara aos mestres da República que nin funerais lles quixeron oficiar, aínda sabendo que iso daba unha pinga de consolo ás súas nais. Por iso, nesta andaina das mulleres que ficaron co peso do loito queremos lembrar tamén a **Teresa, a do Cacharado**, a nai de Antonio Mojón, mestre nacido na Cañiza.

A súa nai rezaba por el cada día, pregando a Deus que non lle levase outro fillo. Sempre fora moi relixiosa, non coma o seu home. Rogelio non cría nesas cousas pero ela si. Ela encontraba consolo naquilo e por iso cando lle mataron ao Antonio quixo ofrecerlle unha misa.

Foi unha curmá súa onde o cura:

- Teresa quere facerlle un funeral ao fillo.

Botouna de alí a patadas:

- *¡¡¡A los que no se confiesan ya no se les hace funeral!!! ¡¡¡Esos ya están en el infierno!!!*

Porque cando estaba en capela, Antonio non quixera confesar. Díxolle ao cura que lle mandaron que el non tiña nada de que arrepentirse:

- Confesarme eu a vostede? Os meus pecados confésollos a Vigo enteiro! Puiden cometer faltas como calquera persoa humana pero estou tranquilo, morro moi tranquilo porque non fixen dano a ninguén. Confésense vostedes, examinen as súas consciencias e confésense (...)

E como non quixo confesar, José Quiroga, o cura prestamista da Cañiza, non lle fixo funeral.

A Teresa do Cacharado non lle tiña que estrañar porque xa cando o seu home fora á igrexa falar con el, pedirlle que lle fixese un bo informe a Antonio para que non llo mataran, que daquela os informes do cura pesaban moito, el díxolle que non, que a Antonio tiñan que matalo. Iso dixo o home de Deus, que tiñan que impoñerse, que tiñan que dar medo que se non, non daban dominado á xente.

Porque a xente como Antonio Mojón era moi perigosa, que Antonio Mojón era mestre e socialista.

Nin dereito a dó lles deixaron ás familias republicanas.

Enterráronos aos tres en tumbas sen nome. Andrés orientábase polo pau da luz: O meu tío Luís, o meu pai, o señor Juan... tres montículos de terra xunto ao pau e nin máis lápidas nin máis nada.

(...) A Ramiro Torrado Herbón pegáronlle un tiro e deixárono tirado no monte. Atopárono as mulleres. A súa prima Consuelo e Jesusa a Brea; e señora Manuela, a Rata; e Fina, a costureira: e Ermitas, a Maruxeira. E puxérono sobre unha escaleira, e estibárono entre todas do monte para ilo enterrar a Rubiáns, noutra tumba sen nome nin pau da luz, e pasaron anos ata que a familia quitou os restos medio ás agachadas para enterralos no panteón familiar.

Os restos do pai de Andrés, non. Os do pai de Andrés quedaron alá, onda o pau da luz. E os do tío Luís. Non puideron quitálos nunca porque cando foron cinzas pedíanlles vinte e cinco pesetas nunha casa con seis nenos que quedaran sen sustento cando, despois de matar os homes, quixeran matarlle a semente e na casa da avoa Aquilina xa non cheiraba a pan de millo.

Que importante foi a solidariedade feminina. As mulleres que estibaron co seu propio dó o martirio dos homes. Como a nosa protagonista, Josefina Arruti, que malia a distancia con Bibiano e os anos de cárcere non dubidou en abrir o panteón familiar para que ninguén tivese que ser enterrado nunha foxa sen nome xunto ao pau da luz.

Aquel panteón familiar converterase a raíz do funesto 18 de xullo de 1936 en todo un símbolo de solidariedade. Porque, cando xa non tiñan nada, Emilia e Josefina compartiron cos outros vencidos o único que lles quedaba, e na trágica guerra e na eterna posguerra, o panteón familiar deu acubillo a ducias de represaliados.

O primeiro foi Paulo Novás. Naquel infausto 12 de novembro de 1936, a nai de Bibiano ofreceulle á súa amiga Pepa que enterrase no panteón dos Osorio Tafall o cadáver do seu fillo, fusilado con outros nove homes na Caeira. Que mellor lugar para Paulo que o panteón que mandara construír o seu bo amigo Bibiano cando morrera a súa irmá Carmen. E o corpo do mestra fusilado enterrouse con ela.

Anos despois, as portas volvéronse abrir para ir dando acubillo ás cinzas de ducias de asasinados enterrados nun primeiro momento noutros lugares. Coñecidos, como Vitor Casas, pero tamén

descoñecidos até agora e a partir de entón irmáns na derrota, como Antonio Blanco, o alcalde de Marín asasinado na Fin de Ano de 1936. A ningunha familia represaliada lle dixeron non as mulleres da casa de Bibiano.

É hora xa de seguir o noso rumbo cara a esa casa de Benito Corbal, deixando atrás o templo da Peregrina e a esa institución eclesiástica que segue sen pedir perdón por unha dor que, como o seu inferno, foi eterna.

“Fun crucificada como o noso Señor” dicía (Ángela Lago) e facía o seu particular Vía Crucis. Desde que mataran a Paco andaba detrás del. Daquela case non había luz e polas noites saía camiñar na escuridade porque dicían os veciños que andaba a Santa Compañía, que os mortos se aparecían, e ela devecía por volver ver o seu fillo. Así que non deixaba que ninguén a acompañase e ía soa, ás escuras polos camiños de Vilanova, para ver se aparecía o seu neno de morto, para poder falar con el unha última vez. Ela necesitaba crer nos contos dos vellos porque non podía vivir pensando que non o volvería ver xamais.

Pero nunca viu nada. Camiñou e agardou. Agardou e seguiu camiñando pero nunca o atopou. Pasou a vida agardando, porque un día, xa pasaran anos, houbo unha misión apostólica en Vilanova e o padre Serrano e o padre Gutiérrez confesaron á xente. Ela foi confesar cun deles, co padre Serrano pode que fose, e díxollo todo, o nome dos que viñeran a polo seu fillo, dos falanxistas que primeiro o levaran e logo o acusaran no xuízo, e o padre Serrano, ou o outro, o que fose, díxolle:

- Mira, Angelita, non te preocupes, que mañá vai haber unha misa no cemiterio e van ir eses homes e vounos mandar a que che pidan perdón. Ti ten a porta aberta porque teñen que ir confesar e voulles pór de penitencia ir pedirche perdón e se non van non van poder comungar. Ti ten o portal aberto que van ir.

E Ángela Lago agardou na porta, coas nenas achegadiñas a ela. E marchou a luz e chegou a noite e seguían na entrada agardando, co portal aberto, como estiveran todo o día, facéndolles a espera aos falanxistas. Ata que deron as doce, que nese día xa non era, e achegouse a Ángela José, o seu compadre, que era un home de esquerdas e que desde que lle morrera o home non deixaba de mirar por ela. Foi el quen llo dixo:

- Pero comadre, pero como ten vostede o portal aberto? Como lles fai caso a eses curas, se non lle van pedir perdón!!! Vaia para dentro, muller. Se eses cabróns non van vir... non ve que non van vir (...)

E Angelita entrou na casa seguida das nenas e cerrou a porta e aínda é hoxe o día que a familia Reiris espera que alguén lle pida perdón. Porque ata hoxe non lle pediron perdón. Ninguén. Nunca.

Estamos xa en **Benito Corbal**. O mesmo edificio onde vivía Josefina acollía nos baixos o cuartel dos cívicos e a garda civil, o que facilitaba os gardas facer rexistros, a calquera


hora, na casa do home que en abril de 1938 acabaría sendo nomeado comisario xeral do exército.

O que máis coraxe lle daba a Josefina era que moitos dos cívicos que montaban garda foran alumnos de Bibiano. Até hai catro días ían alí consultar os libros e charlar co seu profesor de ciencias e agora asustaban os seus fillos e furgaban nas cestas coa comida que a familia da Ruibal lle levaba a Emilia.

E logo estaban os rexistros. Revolvían toda a casa buscando xente agochada e cando non atopaban ninguén, volvían e revolvían porque dicían que no laboratorio de Bibiano tiñan unha emisora. Furgaban ata no último tubo de ensaio e aínda que non atopaban nada, cortaban a liña de teléfono para que a emisora non funcionase. Non atopaban nada porque non había nada que atopar pero igual seguían indo unha vez e outra e entraban na habitación de Carmiña mentres durmía, e a nena víaos abrir o seu armario e sacarllo fóra todo, a roupa que trouxeran de Madrid, os xoguetes. E un día viñeron e levaron todos os libros da biblioteca do pai. Aqueles libros que antes consultaban eran agora espoliados para encher outra biblioteca, a do Instituto de Ensino Medio no que o propio Bibiano fora director, que engordaba cos tomos sacados de malos modos da súa casa, cos exemplares furtados ao medo dos fillos.

Convivir co horror deixou lembranzas indelébeis na descendencia de Josefina.

Odiaban o ruído do motor daquela moto que acendían no baixo para disfrazar os berros que saían das malleiras, das aldraxes e das rapas. O ruído dos disparos que acalaban para sempre a voz daqueles homes valentes que Joselín miraba desde a fiestra subir á camioneta co puño en alto cara á morte. O neno víaos marchar e agardaba, agardaba o son do adeus para sempre que marcaba a bala disparada en Monte Porreiro. E mamá e a avoa falaban. Dos que mataran na Caeira, de Alexandre, tan amigo de papá, de que qué fixera ese bo home?, de que qué tolos estaban!, de que menos mal que papá non viñera aquela semana, do que pasara abaixo na noite en que mataran o dentista, a Zbarsky, de que o sacaran de San Simón, de que o levaran abaixo e o pasearan... Vivían a un piso do inferno, a un paso de nada.



Deste mesmo edificio xunto o que nos atopamos, que agora acolle sucursais de cadeas de roupa, sacaban daquela os homes cara á morte mentres as mulleres quedaban convivindo coa dor. Foi este tamén lugar de rapas sobre a cabeza de mulleres como **Custodia Gama, Estrella Portela, As Ranghas...** O corpo das mulleres foi sempre campo de batalla, como contaba sempre **Josefina Cordal**, a irmá de Castor, un sindicalista cambadés asasinado o 15 de setembro de 1936.

Volveron varias veces e unha noite de agosto metéronse na casa. A Emilia, a filla máis vella, e a Josefina, que daquela tiña nove anos e era a máis nova, non as molestaron. Pero a Cándida e a Pastora... A elas, que xa eran unhas mozas, sacáronas da cama e obrigáronas a bailar nús mentres Pastora tocaba a pandeireta. Totalmente espidas. Pastora amosara ser unha artista tocando e bailando a xota nas festas de Corbillón. E a irmá bailaba moi ben tamén, cos tangos quedaba soa. Eran dúas morenas moi guapas e eles chegaron e veña a bailar. Obrigáronas a espirse e a actuar na máis macabra das festas.

O seu pai pregaba, facédeme a min o que queirades pero non lles fagades nada a elas.

Facían tantas cousas daquela...

Ían a San Miguel, máis vale non o pensar. A moza máis guapa que houbo en San Miguel chamábase Pilar, a Chiquitina. Alejandro, o seu pai, tivera que andar agochado e meteuno ela debaixo do piso. Non había outra máis bonita con aquela trenza de pelo tan longa. Foron todos os falanxistas abusar dela. Co pai debaixo do chan. Contáballe Castor a Dolores. Ai Dolores!!!, que din que dezoito falanxistas con Pilar e que o pai na casina oíndo todos os ghritos e todo da filla, e a pobriña que non descubriu onde estaba.

As mulleres tiveron que soportar unha humillación tras outra. Unha dor, tras outra dor, ata tolear. Como **Manuela Abuín**, que morreu no manicomio de Conxo logo de atopar o cadáver do seu home, Antonio Meañes, cun tiro na tempa. Como **Manuela, a Bichona**, que nin cando perdeu o sentido logrou esquecer o que lle fixeran a Amando Iglesias, o seu home.

Manuela chegou á avenida de Buenos Aires e logrou ver a Amando antes de que o fusilaran. Viuno a el e viu as caixas de morto, todas postas en fila xunto ao paredón nunha ringleira de espanto. Caixas feitas de casqueiros, agardando por eles, unha seguida da outra, e despois outra e outra máis. E antes de que pasase todo botárona de aí, sacárona do paredón e ela marchou correndo á vila e foi chorando ata a funeraria para mercarlle ao seu home un ataúde de pino, porque non quería que o enterrasen naquelas caixas de casqueiro da ringleira, non quería por nada do mundo e por iso levoulle ela un ataúde, andando, enriba da cabeza, desde o centro de Pontevedra ata o lugar da execución.

(...)

Tiña 74 anos cando enfermou. Manuela, a *Bichona*, perdeu a memoria, pero nin con esas logrou esquecer o que pasou. Sempre estaba co seu home a voltas e unha tarde, cando tiña 77, díxolle á súa neta que ía deitarse pero non foi para a cama, saíu da casa, botou a andar e durante días non se soubo nada dela. Ao cabo dunha semana atoparon o seu cadáver no río, moi preto de onde fusilaran a Amando. (...) Aquel día Manuela saíra da casa para facer de novo o camiño que fixera co ataúde do seu home ás costas, sen saber que esta vez levaba ao lombo a súa propia morte. Porque a ela tamén a mataron eles. A ela tamén.

Deixamos atrás o escenario da represión, o fogar de Josefina convertido en cela e facemos, de vez, o camiño da memoria por esta Pontevedra que non quixo esquecer o seu padecemento e, sobre todo, que non quixo esquecer a súa solidariedade, o seu compromiso coas vítimas republicanas, os seus acenos resistentes como aquel de negarse a pasar por unha rúa que levaba o nome duns dos gardas cívicos que a amolaban cos seus rexistros. Agora somos nós quen a convidamos a transitar polo Pontevedra do século XXI, para que admire este rueiro repleto de nomes de muller que ela tan ben coñece: Virxinia Pereira, Amalia Álvarez, Josefina Arruti. O seu foi o primeiro que se escolleu cando a corporación municipal tomou a decisión de feminizar as rúas. Nunca imaxinaría ela que daría nome a unha das principais arterias da súa vila, o desdobre da Avenida de Vigo, que ademais conta cun panel que resume a súa biografía.



O maior dos fillos de Josefina, José Ángel Fernández Arruti, pousa para La Voz de Galicia xunto á biografía da súa nai na exposición da Ferraría

O noso paseo remata máis preto, na **Praza da Ferraría**, o quilómetro cero da aposta do goberno pontevedrés por recuperar a memoria das mulleres. Foi neste lugar onde se vindiou por vez primeira a verdadeira Josefina. A exposición *Do gris ao violeta*, inaugurada nesta praza en marzo de 2018, fixo moito máis que sacala do esquecemento: Sacouna do relato

tramposo, do que mantiña que ficara para sempre afastada do seu home porque se negara a viaxar con el ao exilio. A realidade é que Josefina estaba presa cando, desde o seu posto de responsabilidade no goberno republicano, Bibiano intentara facer un troco cos falanxistas e prometéralles liberar o secretario xeral da Falange, Raimundo Fernández Cuesta, a cambio de que deixasen viaxar a Madrid a súa muller e á descendencia. Foi Emilia, a nai del, quen se negou a facer o troco, sen consultalo coa nora retida nunha cela.

É imposible saber que foi o que lle pasou pola cabeza. Quizais pensou que a guerra non podía durar moito, quizais un Madrid asediado non lle parecía lugar seguro para os netos, ou quizais non quixo quedar soa pero o caso é que se negou a seguir adiante cos plans do fillo e, en outubro de 1937, trocaron a Fernández Cuesta polo político republicano Justino de Azcárate.

Moitos anos despois, cando Bibiano xa tiña un fillo con outra muller coa que casara no exilio mexicano, el e Josefina planearon un novo encontro en Lisboa mais estabamos en plena ditadura franquista e as misóxinas leis impedían unha muller viaxar sen a sinatura do seu home, unha sinatura que Josefina non podía obter.

Pero volvamos a marzo de 2018. De acompañarnos nesta viaxe, de estar presente na inauguración da exposición que incluía a súa biografía, Josefina podería escoitar o seu primoxénito explicando aos medios de comunicación que a historia non foi como nola contaron, que ela foi unha vítima máis, aínda máis silenciada que o propio Bibiano.

Oxalá este paseo servise para romper o seu silencio ou, o que aínda fixo máis dano, ese relato tramposo imposto polo vencedores dunha guerra que en Galiza non foi tal, só xenocidio e represión, unha represión ben misóxina que afectou non só ás rapadas, ás presas, ás asasinadas, senón a todas as mulleres, que perderon a liberdade soñada na II República.

Nota: Todas as citas, agás a primeira, que pertence ao que alegou Alexandre Bóveda no seu xuízo, son fragmentos do libro Un cesto de mazás, de Montse Fajardo